



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de profesor CMUS frauta (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral a tempo parcial no posto de Profesor CMUS Frauta incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000065 – PROFESOR CMUS FRAUTA

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1894/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral a tempo parcial no posto de Profesor CMUS Frauta incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 2943/2023, do 20/10/2023, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral a tempo parcial no posto de Profesor CMUS Frauta incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral a tempo parcial no posto de **Profesor CMUS Frauta** (Grupo II) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	REY CASTRO	YSAURA	***9707**	-	SI
2	SALGADO TRILLO	REBECA	***8329**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**

TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Carmen del Río Rodríguez**

TAX - Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Titular: D. **Manuel Rosende Sanjurjo**

Profesor de Piano e Acordeón do CMUS de Culleredo.

Suplente: D. **José Manuel Yáñez Carballeira**

Profesor de Piano do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Vogal 2:

Titular: D^a. **María de la Paz Pita Vázquez**

Catedrática de Composición do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: D^a. **Carolina Landriscini Marín**

Catedrática de Violonchelo do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Vogal 3:

Titular: D. **Cesar Concheiro Guerrico**

Profesor de Frauta do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Suplente: D. **Ismael Vaquero Baquero**

Catedrático de Música do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

Secretario/a:

Titular: D. **Miguel Piñeiro Souto**

Secretario Xeral do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **María Graciela Riveiro Moreira**

Secretaría-Interventora do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva que terá lugar o xoves **26 de outubro do 2023 ás 11:10 horas**, de forma telemática na plataforma dixital do Concello de Carballo.

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 20 de outubro de 2023

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2023/8338